



D. LEOPOLDO MOURE GARCÍA, SECRETARIO DA MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL, CERTIFICA:

Que o Pleno da Mancomunidad na sesión ordinaria celebrada o 9 de setembro de 2019 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“3. Aprobación do expediente de contratación das obras de ampliación do centro de recollida de animais Refuxio de Mougá.

Examinada a proposta que eleva o Presidente da Mancomunidad que literalmente transcrita di:

“ INFORME-PROPOSTA

Preséntase ao Pleno o expediente para a contratación da obra de ampliación do Centro de Recollida de Animais “Refuxio de Mougá”.

Constan no expediente a memoria xustificativa da necesidade do contrato e o informe de insuficiencia de medios asinados polo Xerente da Mancomunidad, o proxecto e os pregos de prescricións técnicas de data 19/09/2018 asinados polo Enxeñeiro Agrónomo D. Juan Manuel González López e visados polo Colegio Oficial de Ingenieros Agrónomos de Galicia o 21/09/2018, e os pregos de cláusulas administrativas de data 24/07/2019 asinados polo Xerente da Mancomunidad e informados favorablemente polo Secretario da Mancomunidad, e documento RC para facer fronte aos gastos derivados da presente contratación no exercicio 2019.

Segundo consta na documentación remitida, *A Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia* atribúe ás persoas titulares das alcaldías dos concellos de Galicia a responsabilidade superior na defensa e protección dos animais incluídos no ámbito de aplicación desta lei en cadanseu termo municipal, e establece a obriga de recoller os animais domésticos vagabundos e extraviados en centros de recollida de animais abandonados inscritos no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos, obriga que dende o 2013 é atendida nas instalacións cedidas á Mancomunidad polo concello de Ferrol mediante un servizo mancomunado. O artigo 15.4 da citada lei establece que non se poderá dar morte aos animais acollidos nun centro de recollida ou fogar de acollida temporal, con independencia do tempo transcorrido desde a súa entrada. Polo tanto, xorde a necesidade de aumentar as instalacións do Refuxio para garantir unhas condicións hixiénico-sanitarias axeitadas para os animais, o que conleva a necesidade de celebrar este procedemento de contratación. A Mancomunidad **non dispón de medios persoais nin materiais** adecuados para facer fronte aos traballos obxecto do contrato polo que se fai precisa a súa contratación externa.

O orzamento base de licitación do servizo a contratar ascende á cantidade de 125.525,41 € co 21 % de IVE incluído (103.740,01 € sen IVE).

Establécese un prazo de execución do contrato de catro meses, a contar desde o día seguinte á formalización do contrato.

Atendendo ás características do contrato o procedemento a seguir para a súa adjudicación será o procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adjudicación (subxectivos e obxectivos) e tramitación ordinaria, consonte o disposto nos artigos 19, 22, 131, 156 a 159, 145 e 146 LCSP.

Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda da LCSP respecto das competencias en contratación das entidades locais, e no punto 3 da Disposición Adicional décimo quinta da LCSP, na presente licitación non se esixe a presentación de ofertas utilizando medios electrónicos, atendendo ao informe específico do concello de Ferrol de data 22/06/2018, sen que resulte posible a demora na contratación por prexudicar o interese xeral considerando as obrigas establecidas na *Lei de benestar dos animais*.

Con carácter previo á aprobación do expediente deberase incorporar informe de intervención sobre fiscalización do gasto nos termos da DA 3ª da LCSP.

Examinada a documentación que se acompaña e de conformidade cos establecido nos artigos

116, 117 e Disposición Adicional segunda da LCSP, propónse ao Pleno como órgano de contratación da Mancomunidad adopción dos seguintes acordos:

1. Aprobar o expediente de contratación administrativa e os Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas que rexerán a contratación da obra de ampliación do Centro de Recollida de Animais “Refuxio de Mougá”.
2. Aprobar o gasto correspondente a dita contratación por importe de 125.525,41 € (21% IVE incluído) e imputalo á aplicación 00.170.62200 do orzamento da Mancomunidad.
3. Dispoñer a apertura do procedemento de adjudicación mediante procedemento aberto simplificado consonte o disposto no artigo 159 da LCSP, con pluralidade de criterios de valoración e tramitación ordinaria nas condicións e prazos indicados nos pregos e proceder á publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante do órgano de contratación aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.
4. Dispensar a utilización de medios electrónicos para a presentación de ofertas neste procedemento polas razóns reflectidas no informe específico do concello de Ferrol de data 22 de xuño de 2018.
5. Aprobar a seguinte composición da mesa de contratación neste procedemento:
 - Presidente: O Presidente da Mancomunidad, que poderá ser substituído pola persoa que ostente a Vicepresidencia da Mancomunidad.
 - Vogais:
 1. O Secretario Xeral da Mancomunidad ou funcionario/a que legalmente o substitúa.
 2. O Interventor Xeral da Mancomunidad ou funcionario/a que legalmente o substitúa.
 3. A Tesoureira da Mancomunidad ou funcionario/a que legalmente o substitúa.
 - Secretario: o Auxiliar de Administración Xeral da Mancomunidad de Concellos da Comarca de Ferrol, que poderá ser substituído pola coadxuvante de Secretaría da Mancomunidad.

Ferrol, na data da sinatura electrónica.

O Xerente da Mancomunidad

Asdo.: Luis Alcalá Baillie

AO PLENO DA MANCOMUNIDADE

Logo de ver a anterior proposta do Xerente da Mancomunidad, propoño ao Pleno da Mancomunidad a súa aprobación.”

As persoas asistentes acordan por unanimidade aprobar a proposta arriba transcrita.”

E para que conste aos efectos oportunos, expido este certificado co visto e praxe do Presidente da Mancomunidad, coa salvedade que establece o artigo 206 do ROF.

Ferrol, na data da sinatura electrónica

O/a Secretario/a

Visto e praxe,

O Presidente